

# AS NAVEGACIÓNS OCEÁNICAS DE XOSÉ ANTÓN AVILÉS VINAGRE

*É primavera en Noia  
e a noite  
será unha longa mina de diamantes*

Avilés de Taramancos  
*Poemas de ausencia*

## Xohana Torres

No escudo da vila aparece Noé a botar a cabeza fóra da Arca, compracido polas vistas. Carpinteiro de ribeira de oficio, pertence tamén á gran nación oceánica, á confederación dos homes do mar, os *embarcados*, sempre á procura de beiras azuis e illas de felicidade. Só cambian as rutas e as paisaxes. Noé, a quen lle creceron oliveiras despois da chuvia. Benvinda a historia bíblica dunha marea a tempo contado, corenta días e corenta noites, mito que asume os mecanismos da supervivencia e a perpetuación das especies.

Noia é ría sen illas que defendan a entrada, se cadra para mellor valorar a bocana entre Louro e Corrubedo, e a esvelta serra do Barbanza. Os aluviós do Tambre mudaron o espaciao, avanza a marisma, pero existe nela unha singular vida vexetal, os golfes, que osixenan as augas para sementeira de organismos vivos e riqueza de bivalvos.

Noia é vila de murallas e casas brasonadas. Poderosa na Idade Media, capricho de señores xenoveses nun mundo de beleza acuática entre salmóns e cisnes, ergue hoxe o gótico orixinal de Santa María A Nova, primor de laudas gremiais e nobiliarias. E ten sonda de bos escultores e arquitectos, o gran Ferreiro e Felipe de Castro, o Bernini galego. E outro noiés, Xosé Antón Avilés Vinagre, Avilés de Taramancos, exerceu aquí con fino cicel a arte da fascinación polas palabras, fronte a este mar que tanto escoita os poetas.

É a literatura un universo indócil, mais hoxe, as voces afortunadas da nosa Real Academia, en sesión plenaria, extraordinaria e pública, dedican o Día das Letras Galegas a un home que fixo da poesía exercicio de amor e liberdade por onde navegou a súa existencia.

Celebremos na súa obra a harmonía da lingua, os rexistros imaxinativos que vivifican a escrita, ese canon de indagación persoal ao que nunca lle afectaron os ventos dos procesos poéticos. A obra avilesiana enxalza calquera cultura e, sen data de caducidade, camiña co alento firme dos grandes autores.

*Cada tarde é un porto*, declaraba Borges. No horizonte a onde dirixe Avilés a mirada ben cedo, está sempre o mar, e Noia aparece como acuarela da infancia. Cameos cinematográficos, Boa, Testal, A Bogalleira, ocultos na cámara gozosa do neno. Son imaxes cotiás dun mundo xerminal, en preparación, pero xa nas distancias curtas, estes nenos retratan o futuro.

A presenza mariña define tamén unha visión de orfandade. A porta da casa “lista para saír” é unha declaración de principios no nomadismo da familia: *Aí fóra está o mar, por se o necesitas...* Falamos dun país onde nas antigas actas notariais sobre propiedades dos labregos -tantas veces mariñeiros ao mesmo tempo-, as leiras lindan ao norte con Inglaterra e ao oeste co océano enteiro.

O rapaz asiste a unha tradición de veleiros fondeados na ría. A paixón por estes barcos é un tema emerxente ao longo dos seus textos, ideas dun mundo onde todas as aventuras son marítimas. Goletas e bergantíns xorden coma territorios integrados nunha lexión de voces e culturas. Tamén os crespóns negros da piratería, presentes nos nomes dos escritores do mar, que Avilés leu: velas cadras e latinas a todo trapo e viradas por redondo mentres unha tripulación enardecida canta a polca do Barril de Cerveza. É a nostalgia dos navíos para a guerra e o comercio, tocados das alas como aves pola aparición do motor e as hélices. Naos que xa non existen e mares que perderon a inocencia.

Escribirá, máis tarde, o noso poeta:

*¿Ula, goleta branca da miña mocidade?*  
(...)

*Hoxe meu esqueleto é un estaleiro*  
*a onde chegan, feridos,*  
*os navíos de antano.*  
(...)

*Mariñeiro, unha noite*  
*cantarémo-los dous, bébedos como Ulises,*  
*no malecón dun porto.*

É coincidencia que tanto Noia coma Colombia, as dúas patrias de Avilés, leven nomes de navegantes universais.

Non sei se todas estas paraxes frecuentadas crean nel un soño en construción que cómpre continuar. Permítome a metáfora dunha travesía que debeu de marcalo toda a vida: inicia o grumete a derrota desde o Barbanza, arrumba ao norte, deixa por estribor os faros de Fisterra, Touriñán, Vilán, as illas Sisargas, e recala na Coruña polo canal de fóra, onde lle dan no rostro os catro destellos da luz da Torre. Unxido pola metafísica astral de Manuel Antonio, vai emprender estudos de Náutica. Aínda non se chama Avilés de Taramancos.

Nesta cidade recibe emocións e ideas frescas. Cambia de plano e faise maior. Mentres amosa o mínimo interese por aprender o manexo do sextante e do anteollo de bataiola, nada lle escapa, acude ás tertulias ilustrados, conversa, recita, fai teatro e participa en actividades culturais de todo tipo. Avilés tomou A Coruña como máis tarde tomaría Colombia.

Nesta metamorfose aparece, ao fondo, a figura de Urbano Lugrís. ¿E quen é o Lugrís? Unha foto movida, un mundo que se perde nunha praia. Velaí A Coruña *sur-la-mer* no belvedere do Orzán, a onde con frecuencia acoden, de animados tenorinos, a cantarlles ás ondas para que arrastren as voces ao abismo. Lugrís, errático, pintor, poeta, buscador de pecios, capaz de facer xirar o cosmos na xema dun dedo. E co-fundador da revista *Atlántida*, na que colabora Avilés. Lugrís, un soño gótico que introduce a música de órgano de Bach no interior dunha caracola. Pola voz deste educado e culto humanista, étranlle ao mozo de Noia as velas de Tristán, o druidismo, Pondal, como non, as luces de San Telmo, as verdades de Ossian, os galeóns de Rande e a balea de San Cibrao. Peixes, buques pantasma, sereas con alas e a única épica posible, a do Capitán Nemo, quen, por certo, tamén tocaba o órgano na súa viaxe de vinte mil légoas.

Avilés confesará que Lugrís foi a súa universidade, e chega a chamarlle “extraterrestre”, é dicir, os dous abducidos por unha vermella aurora boreal que os sitúa a anos luz nas madrugadas frías da Cidade Vella. E todo isto no marco da bohemia máis absoluta, que case podería considerarse virtude se non fose polo estado de alerta económica no que sempre se encontraban. Á veleidosa fortuna non lle caen ben os poetas.

Así andaba, nesta mocidade perturbadora, pero o tempo voa e ve fecharse, sen remedio, un ciclo que o obriga á reflexión. Enfrontado aos seus demos interiores, decide abandonar o país.

Cabe preguntarse se existe ese destino que xustifique a necesidade urxente dun cambio, cal é a motivación que o anima a emprender unha azarosa navegación transatlántica. Toda aventura esixe obxectivos para imaxinar, tal vez unha solución económica á vida, a proxección ao exterior ou unha simple rebeldía neses anos escuros da posguerra. De calquera maneira, o importante nunca é o Grial, senón esa idea de liberdade que está na cabeza, necesaria para emprender o camiño e buscalo. Podemos gastar toda a vida para acadar o símbolo secreto, sen que xamais cheguemos a rozalo coas mans.

No afán do encontro coas extensas Américas submarinas que anunciaba Lugrís, Avilés navega a Colombia.

*Outros son os navíos, outros mares  
os que cruzas cantando, meu amigo.*

*Olládeme no mar, veño de lonxe,  
pero teño nos ollos como un fulgor salgado.*

*(...)*

*Veño de lonxe a naufragar con gozo.*

É Colombia país de dobre fachada, ao Pacífico e ao Mar das Antillas, na costa do Caribe, tan musical. Os grandes ríos, afluentes do Amazonas, funcionan como mares interiores, de vocación atlántica. O Cauca e o Magdalena son correntes de penetración que escriben a canle nas entrañas da Terra. A violencia da chuva, o cheiro dos bananos e esa densidade diferente do aire atravesan os sentidos. Alí onde as paisaxes semellan ter sido creadas nese mesmo momento, nunha natureza sobrenatural, ese lugar de asombro e desmesura debeu exercer sobre Avilés unha forte seducción. Afastemos os problemas da existencia, que si que os houbo, e moitos, as tensións, a melancolía, que nalgún momento lle pesarían. Avilés fai uso da súa cordialidade e da súa cultura e paga a peaxe da condición de emigrante cunha actitude aberta a calquera estímulo. Acomódase e acepta o que o país lle dá. Foi Bogotá unha difícil aventura e máis tarde asentárase na cubeta tectónica de Cali e os Andes, de pel áspera, por onde voa o cóndor. Alí, os movementos sísmicos nunca paran.

O noso home, gran lector e autor de crónicas indíxenas, tiña ao seu alcance, donas dun léxico riquísimo, todas as historias de Terradentro; saberá do ouro dos chibchas e dos quimbaías, das esmeraldas de Muzo e da illa de Fonseca, citada por todos os buscadores de perlas. ¿E que dicir do tesouro do Capitán Morgan? E Buenaventura, o poético porto do café, que os entendidos sinalan como o mellor do mundo.

Nesta insolación, a vida debeulle funcionar como unha novela, crúa ás veces, sen poder evitalo, con citas de tigres e pumas negros, por sendeiros de dura caoba, e co exercicio de oficios, para nós, desconcertantes. Baixo o manto da paisaxe real, Ulises reencárnase nun insólito chamán rodeado de libros, alí onde se asegura que naceu o Sol e os ritos están próximos ás estrelas. E as cancións sudamericanas que tanto lle gustaban, cando a noite cae de repente e xorden as voces de consolo cos amigos, o ritmo do *bambuco*, o *merecumbé* e a *cumbia*, coa *pollera colorá*, puro algodón de Barranquilla.

Sen dúbida, tivo que percorrer estes escenarios para chegar a ser Avilés de Taramancos. Colombia, lugar no que se integrou, deulle, co tempo, moita sabedoría, maturidade e unha boa familia.

Co paso dos anos, os galegos refrescan de cotío a memoria e, como o navegante de Grecia, lonxe das súas costas, agonizan. Como as súas propias sombras, a patria nunca deixa de acompañalos. No almacén desa intocable memoria existe un sacro lugar para eles, a outra orela. Necesitan volver.

É ben certo que, canto máis mudamos, máis fieis somos á nosa antigüidade.

Este grande escritor regresa definitivamente a Noia. Co retorno, e como condición do seu talento literario, abre unha excelente exploración que ilumina as súas esferas poéticas cunha luz coñecida, a luz de estar alí onde empezou. No eixo conductor da súa obra, de iconografía propia están, co vento nas xarcias, o amor e os espazos inmensos da saudade.

Aquí traza o ronsel da navegación derradeira, esa que queredría non levar a cabo, a visión da outra orela, borrosa, coa néboa nos mastros dos grandes veleiros.

Hoxe, na súa tumba, está logrado aquilo que el dixo a modo de singular epitafio:

*Imos plantar unha cerdeira nova,  
temos que darlle esa alegría ao vento.*

*Xohana Torres  
Día das Letras Galegas  
Noia, 17 de Maio, 2003*